

4. METODOS DE SEPARACION DE MESTURAS HOMOXENEAS

As técnicas de separación de mesturas homoxéneas adoitan ser máis complexas. Deseguido, estudaremos algunhas delas.

Vaporización



Consiste en cambiar de estado líquido a gaseoso un dos compoñentes: o disolvente dunha mestura. Mediante este proceso pódense recuperar os solutos dunha mestura. Un exemplo deste proceso é a produción das pastillas de caldo concentrado.

Destilación



Consiste en elevar a temperatura da mestura para que, un tras outro, os distintos compoñentes se evaporen e se poidan separar do resto. Este procedemento utilízase para separar disolucións das que queremos recuperar todos os compoñentes. Baséase en que cada substancia ten unha temperatura concreta de ebulición e diferente das demais. A destilación utilízase, por exemplo, para separar os compoñentes do petróleo.



17. O traballo dunha depuradora consiste en retirar da auga todos os compoñentes que vertemos para poder reutilizar esa auga.

– Que métodos utilizarías para separar as seguintes verteduras da auga que as contén: xabóns, papeis, aceites, plásticos.



18. Investiga sobre outros fenómenos de evaporación que teñen lugar na natureza e que formas producen nalgunhas materias.

19. Investiga sobre cal é a mestura que se utiliza como morteiro no sector da construción. Para iso, podes consultar esta ligazón:



<http://links.edebe.com/pgvf4>

Indica deseguido:

- Que elementos se mesturan.
– Que cantidade aproximada de cada elemento se utiliza para a mestura.